


3º CICLO

Viaxe ao centro da Terra

Jules Verne

Ed. Xerais

O profesor Otto Liddenbrock viaxa ao centro da Terra guiado por un misterioso pergamiño do século XII, do sabio islandés Arne Saknussemm. Na aventura acompañano o seu sobriño Axel e o guía Hans. Os tres entran por un volcán cara ao interior da Terra, onde sufriran unha serie de peripecias e descubrirán un asombroso mundo mezozoico enterrado nas profundidades.




Os Calderetas descubren a poesía en Celanova

Pepe Carreiro

Fundación Curros Enríquez

Este libro achéganos aos poetas de Celanova.




Lúa do Senegal

Agustín Fernández Paz

Ed. Xerais

Khoedi, unha nena de dez anos, ten que deixar a súa casa de Casamençe, unha rexión ao sur do Senegal, para instalarse en Vigo, a cidade onde o seu pai xa leva varios anos emigrado.




Desde o equipo da biblioteca queremos desexarvos unhas felices festas e moi boas lecturas.



“Non hai mellor fragata que un libro para levarnos a terras afastadas”.

Emily Dickinson



GUÍA DE LECTURAS

NADAL 2011

BIBLIOTECA ESCOLAR
CEIP CURROS ENRÍQUEZ
CELANOVA
OURENSE

<http://canistrel.blogspot.com>

[http://centros.edu.xunta.es/
ceipcurrosenriquez.celanova/](http://centros.edu.xunta.es/ceipcurrosenriquez.celanova/)

EDUCACIÓN INFANTIL

A vella quenlla perde os dentes
Xavier López López
Ed. Rodeira

No máis fondo e mollado do mar, vivía unha quenlla branca, gorda coma unha balea. Esta vella e despistada quenlla unha noite confundiu unha pedra cunha rica e saborosa madalena...



A bufanda de dona Melosa
Marta Rivera Ferner
Ed. Everest

Dona Melosa é a abella de máis anos do panel e xa non pode traballar como cando era nova. Agora está moi aburrida e anda na procura dunha ocupación coa que encher as horas do día. Por iso decide mercar la de diversas cores para tecer con ela unha bufanda longa, longuíssima, que acaba por se converter nun gran problema para o bo funcionamento da colmea.



As aventuras de osiño
Helga Banach
Ed. oqo

Aquel home chegaba no mellor momento, porque Osiño non tiña ningunhas ganas de quedar na súa cova todo o inverno. Osiño, moi contento, exclamou: Marcho na procura de aventuras!



1º CICLO

O capitán da Baía
Daniel Ameixeiro
Ed. Rodeira

Había unha vez un capitán que vivía nunha aldea que non tiña mar. Un día, farto de que se risen del, decidiu marchar á baía para construír un barco...




Os Bolechas queren saber como é unha biblioteca
Pepe Carreiro
A Nosa Terra

A bibliotecaria mós-tranos como é unha biblioteca a través dos Bolechas.



Pulgastel
Eduardo Baamonde
Ed. Everest

Pulgastel pouco necesita para ser feliz, un libro e a súa imaxinación lévano ata os lugares que sempre soñou visitar e coñecer. Pero un día consegue cumprir un dos seus maiores desexos: ver o mar. A partir deste momento vivirá as sensacións e as aventuras que descubrirá a través da lectura.



2º CICLO

Correo urgente
Paula Carballeira
Ed. Xerais

Milo é un bo cociñeiro. E coñece moitas historias divertidas, historias que lle conta á súa irmá e aos nenos e ás nenas.



A escola de piratas
Agustín Fernández Paz
Ed. Rodeira

De súpeto, escoitouse un ruído xordo. Un son grave, profundo e prolongado, que conseguiu impoñerse sobre o estrépito da chuvia...



O cazador e a balea
Paloma Sánchez & Iban Barretxea
Ed. oqo

Unha balea solitaria que percorre o mar buscando a súa manda. Un cazador que a persegue sen descanso e non parará ata darlle alcance. Cando se atopan, descubren que teñen en común máis do que imaxinaban. Dous protagonistas, e como escenario o inmenso e misterioso océano.

